



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ALTO DE MONTOUTO
Promotor	ALTO DE MONTOUTO, SL
Localización	CONCELLOS DE A CAÑIZA E COVELO (PONTEVEDRA)
Expediente	IN408A 2017/18

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas, Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, Xefatura Territorial de Pontevedra

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 13/05/2021 e número de rexistro de entrada 2021/877261, unha reiteración de solicitude de informe en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia .

CONSIDERACIÓNS LEGÁIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.
2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica.
Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial.
2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Shadow Flicker Review for Alberta Utility Commision. Green Cat Renewables Canada Corporation. 2019
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

1. ANTECEDENTES

O presente informe realiza avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de





construcción, explotación e abandono. Polo que de cumplirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición
- Avaliación da necesidade de medición da exposición
- Avaliación da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto

O presente informe realizase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco.

No referente a caracterización da poboación, os datos a ter en consideración, non son os datos socioeconómicos xerais dos concellos de A Cañiza e Covelo aportados no proxecto, se non os datos que fagan referencia á poboación estimada na contorna do mesmo (núcleos de poboación e vivendas illadas), emprazamentos sensibles como, centros de ensino, residencias, centros sanitarios, areas recreativas, etc, e as distancias a estes. É necesario recalcar a importancia da inclusión nos proxectos de información referente a caracterización da poboación na contorna do mesmo, potencialmente exposta aos diferentes riscos identificados, de xeito que na avaliación quede reflectido que se se tivo en consideración este





aspecto á hora de establecer as medidas protectoras e correctoras referentes aos impactos da actividade que puideran ter unha repercusión na saúde da mesma.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva a través do Visor SigPac, comprobase que as instalacións respectan as indicacións recollidas no Plan Sectorial Eólico de Galicia sobre o mantemento dunha distancia mínima de 500 metros aos núcleos urbanos ou rurais na contorna.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos.

Neste apartado realizaase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes

- Augas residuais
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.

b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construcción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.

d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc

e) Electrocución

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.





g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

h) Outros:

- Pragas e vectores
- Arrastre de sedimentos
- Incendios
- Vertidos accidentais
- Outras emerxencias

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

a) Aire

- Identífanse emisións de po e partículas na fase de obra como consecuencia dos movementos de terra, escavacións, trasfego de vehículos e maquinaria. Indican a escasa magnitud do dito impacto, referindo medidas protectoras e correctoras, así como seguimento no programa de vixilancia ambiental. No caso de producirse voaduras, deberán contemplaranse as axeitadas medidas de seguridade e protección, incluíndo aquelas que minimizan a proxección de partículas e as emisións de ruído.
- Identífanse emisións de gases de combustión dos motores de vehículos e maquinaria na fase de obra, de escasa entidade e impacto como no caso anterior. Refiren medidas correctoras e protectoras ao respecto, consistentes en revisións e posta a punto, e dispoñibilidade de documentación acreditativa segundo normativa. No plan de vixilancia ambiental non se refiren medidas de seguimento.





No caso das emisións derivadas das actividades de mantemento na fase de explotación, considéranse de escasa entidade, valorándose como compatibles.

Non se fai referencia á existencia e xestión de hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se utiliza como illante nas celas dos sistemas eléctricos das turbinas e do centro de seccionamento do parque.

En relación co SF_6 , dado que se trata dun dos gases de efecto invernadoiro con maior potencial de quecemento da atmosfera, e que no caso de liberación ou por exposición prolongada aos produtos da súa degradación en espazos pechados pode provocar asfixia ou afeccións á saúde, deberían contemplarse as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

- Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obra, derivado das actividades da mesma e do funcionamento da maquinaria e durante a fase de explotación, derivado principalmente do funcionamento das turbinas.

Refiren medidas protectoras e correctoras para controlar os niveis acústicos durante a fase de obra, en especial en relación á maquinaria.

Indican que dada a baixa intensidade dos traballos a realizar e pola experiencia dos resultados obtidos nos controis sonoros realizados noutros parques, non se estima necesaria a realización de medicións de seguimento ao respecto, salvo no caso de queixas veciñais. Non se fai unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación, que permita facer unha valoración da potencial afección ás poboacións situadas entorno ás turbinas, segundo a distancia ás mesmas.

No referente á fase de explotación, o estudo de impacto ambiental inclúe un anexo cun estudio de predición acústica, no que se fai un modelado do dito





impacto para as dúas alternativas de localización das turbinas, coa descripción dos posibles receptores e dos parámetros a ter en conta, e o desenvolvemento das diferentes liñas isófonas e a superficie do territorio afectada polas mesmas, dende o foco emisor das turbinas.

Nas conclusións do estudio, refírese que a alternativa escollida (alternativa A), e a que afecta a unha menor superficie e que tendo en conta o valor límite legal máis restritivo para zonas residenciais (nivel nocturno de 45 dB(A)), os pequenos núcleos de poboación existentes atópanse fora das bandas superiores ao citado límite, non existindo afectación acústica.

No programa de vixilancia ambiental, propoñen a realización dunha campaña de control dos niveis de presión sonora, nos núcleos de poboación más próximos, unha vez posto en funcionamento o parque e no caso de non detectarse afeccións, propoñen non continuar cos controis, salvo no caso de denuncias veciñais ao respecto.

Sería recomendable a prolongación no tempo dos controis de seguimento de ruído máis aló do inicio da actividade, coa periodicidade recomendada polo órgano competente, co obxecto de verificar desaxustes no tempo que podan afectar aos niveis de emisión sonora e requirian de medidas correctoras.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control e sobre a periodicidade do seguimento a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

- Campos electromagnéticos

No referente aos campos electromagnéticos, indican o cumprimento do Real Decreto 1066/2011, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas, non considerándose necesario tomar medidas de protección ao respecto.





Non se fai unha estimación dos valores de campo eléctrico e magnético xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque (turbinas, liñas e centro de seccionamento), nin se fai unha comparación cos limiares de protección establecidos nas normativas de aplicación de referencia, en relación ao cumprimento dos mesmos respecto á distancia ás zonas habitadas.

b) Augas

- Augas de consumo

Na documentación non se contempla a realización de captacións de auga en ningunha das fases do proxecto. Refiren que durante a fase de explotación non se contempla a existencia de ningún tipo de edificación que albergue aseos e/ou vestuarios.

Dende esta dirección xeral, comprobase que non existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

Non obstante o indicado, deberán avaliarse as posibles afeccións sobre captacións con concesións administrativas públicas ou privadas, que estean incluídas no rexistro da Confederación Hidrográfica e que non se atopen en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, e que sexan susceptibles de afectación por episodios de contaminación derivados da actividade, indicando as medidas a considerar, de ser o caso.

- Augas superficiais e subterráneas

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

Refiren que non se producirán afeccións significativas á rede fluvial da contorna pola execución do proxecto, pero que de ser o caso, para





calquera actuación no ámbito do dominio público, deberá obterse a preceptiva autorización de organismo de bacía.

Contemplan a construcción de cunetas e obras de drenaxe transversal necesarias para a evacuación da agua procedente das precipitacións, con instalación de elementos de disipación de enerxía e de ser necesario instalarán balsas de decantación, pacas de palla ou xeotextil, de forma que os sedimentos queden atrapados. Refiren medidas de seguimento ao respecto.

Refiren que dado quen non son previsibles afeccións directas á rede hidrolóxica, nin na fase de obra nin na de explotación, non se contemplan campañas de seguimento ao respecto.

A avaliación das medidas de protección de aguas o en relación ao control e seguimento da calidade das mesmas, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de aguas.

- Augas residuais/vertidos

- *Fase de obra*

- *Augas residuais sanitarias.* Refírese que a xestión das augas residuais fecais durante a fase de obra, efectuarase mediante sanitarios químicos, sin contemplarse o seu vertido ao dominio público hidráulico.
 - *Vertidos da zona de instalacións auxiliares (parque de maquinaria, zona de almacenamento de materiais, residuos, etc.).* Refiren a dispoñibilidade dos medios necesarios para evitar calquera afección ao solo por derrames accidentais, indicando sistemas de recollida dos mesmos: soleiras impermeables e fosas estancas.

- *Fase de explotación*

Indican que na fase de explotación non se realizará ningún vertido ao dominio público, toda vez que ningunha das instalacións executadas é





susceptible de xerar augas residuais, nin se contempla a existencia de ningún tipo de edificación que albergue aseos e/ou vestiarios, polo que tampouco se producirán augas residuais fecais.

c) Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de obra, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos durante a fase de obra e durante a fase de explotación, nesta última principalmente derivados das labores de mantemento.

Inclúese unha táboa cos residuos perigosos e non perigosos de probable xeración durante as dúas fases, cunha estimación das cantidades a xerar e o tipo de xestión (entrega a xestores autorizados).

Refiren a súa xestión segundo o establecido na lexislación vixente, detallando medidas específicas en relación á fase de obras. Destacan a aplicación de criterios de prevención e minimización, priorizando a reutilización, reciclado e valorización e en último caso a eliminación.

Refiren a súa segregación de acordo coa súa natureza, en contedores axeitados correctamente identificados, indicando que se delimitarán unha ou varias zonas onde depositalos, en función da fase de obra.

Con respecto aos residuos perigosos refiren a dispoñibilidade de lugares específicos para o seu almacenamento, cubertos, con cubetos impermeables e contedores axeitados e correctamente etiquetados.

O proxecto recolle medidas de seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

Non se refiren medidas sobre a xestión de residuos durante a fase de explotación.

- Produtos perigosos





Refiren que os espazos destinados ao almacenamento de materiais, sustancias e residuos perigosos, cumplirán co Real Decreto 656/2017, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Almacenamento de Produtos Químicos e as súas Instruccións Técnicas Complementarias MIE APQ 0 a 10 e estarán formados por cubetos cubertos e protexidos das inclemencias meteorolóxicas e de material impermeable e resistente para as sustancias que vaian a ser almacenadas e correctamente sinalizados.

Non se refiren detalles sobre as medidas de seguridade no uso e xestión daqueles produtos perigosos, que poden ser empregados durante a fase de construcción ou de mantemento das infraestruturas: aceites, combustibles, pinturas, gases illantes (SF_6), fitosanitarios (herbicidas), ...etc.

Deberán respectarse no seu manexo, as indicacións referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc., recollidas na normativa, así como nas especificacións do fabricante e das fichas de datos de seguridade dos mesmos.

Deberán cumplirse as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos y produtos perigosos asociados ás instalacións,

d) Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Indican que en ausencia dun marco normativo local, autonómico ou estatal, de cara a determinar a metodoloxía de estudio e para establecer uns limiares admisibles de exposición, toman como referencia os estándares establecidos por as administracións doutros países, como Alemaña, Bélgica e algúns estados de EE.UU, que toman como limiares de protección respecto a incidencia do parpadeo sobre os receptores, os valores consistentes en 30 horas/ano e 30 minutos/día, no modelado como “peor caso” e de 8 horas/ano no caso “real”.

Tamén se fai referencia aos limiares establecidos de 30 horas/ano en resolucións ambientais de España e Galicia.





Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras, teñen en conta un área de estudio de 1500 metros respecto das turbinas, referindo que esta distancia é superior a que se corresponde coa aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas (136 metros), criterio aplicado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e recollido en diferentes referencias, como distancia por riba da cal os posibles receptores, non se verían afectados polo dito efecto.

Unha vez establecida a área de estudio identifican os posibles receptores localizados na dita área (19) (edificacións residenciais e de servizos públicos), que se corresponden cos núcleos de Corzós, Eido de Rulas e O Forroño.

Para a realización do estudo de sombreado empregan o programa WindPro 3.3.274, que conta cun módulo de cálculo de sombras , para realizar unha predición do impacto do dito efecto.

Consideran dous escenarios de cálculo, o máximo teórico, considerado o peor escenario "*caso peor*":

- Non existen obstáculos entre a turbina e o receptor
- Hai luz todo o día, con ceo despexado dende o amencer ata o ocaso
- As turbinas está sempre xirando
- As palas están sempre orientadas perpendicularmente á visual do sol dende cada un dos receptores

e o axustado ás condicións reais do territorio de implantación, considerando direccións e velocidades do vento, valores estatísticos de potencial de producción eólica e horas de sol da estación meteorolóxica máis próxima (Cequeliña), "*caso real*".

Amosan os resultados para o "*caso peor*", reflectindo que só en 8 dos 19 receptores identificados supérase o límiar das 30 horas/ano, non superándose en ningún os 30 minutos/día.

No referente ao "*caso real*", indican que en 17 dos 19 receptores supérase o límiar de 8 horas/ano.





Como conclusión refiren que en 17 edificacións superan o límiao de 30 horas/ano no “*caso peor*” e/ou o límiao de 8 horas/ano no “*caso real*”, seguindo o criterio da norma alemá.

En base aos ditos resultados, propoñen a realización de controis de seguimento durante o primeiro ano de explotación do parque, sobre aqueles receptores nos que no modelado se superaron os límiares de protección establecidos, co obxecto de comprobar dito aspecto. Naqueles casos nos que se verifique a superación dos ditos límiares, refiren a programación de paradas técnicas temporais das turbinas (3, 4 ou 5), solas ou combinadas de xeito que se evite a superación dos tempos de exposición establecidos.

Non se avalían os posibles efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques eólicos en trámite ou funcionamento na contorna, situados a unha distancia suficiente como para poder producir un efecto acumulativo al respecto.

- O proxecto inclúe un apartado onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves o catástrofes, así como os potenciais efectos adversos significativos sobre o medio ambiente en caso da súa ocorrencia. Non se fai unha avaliación das medidas preventivas contempladas, ou a necesidade de implantación de medidas de xestión do risco adicionais, de ser o caso, en relación aos escenarios de risco avaliados.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Refírense medidas protectoras e correctoras durante a fase de obras en relación aos incendios, indicando a redacción dun plan de prevención dos mesmos e a dispoñibilidade de medios de extinción, en especial durante os períodos estivais e durante a execución de desbroces. Non se contemplan medidas ao respecto durante a fase de funcionamento.





- No proxecto non se contempla un plan de emerxencia, no que se establezan procedementos específicos ante posibles continxencias ou accidentes asociados á actividade, dos que se podan derivar afeccións sobre a poboación, tanto na fase de obra como na de funcionamento.
- Non se refiren medidas de seguridade contra contactos directos ou indirectos en relación cos equipos e instalacións de alta e baixa tensión, nin sobre medidas de seguridade e control de acceso ás instalacións, incluíndo as turbinas eólicas.
- No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberán contemplarse as axeitadas medidas de limpeza e hixiene, que garantan a seguridade e saúde das persoas, contemplándose de ser o caso un sistema integrado de control específico das mesmas.
- O proxecto inclúe un apartado no que se avalían os impactos acumulativos ou sinérxicos derivados da presencia ou execución doutros parques eólicos, subestacións ou liñas eléctricas, nunha contorna de 5 quilómetros do parque.

Entre os supostos de impacto considerados, inclúese o ruído, descartando la valoración do seu efecto acumulativo ou sinérxico, sin que se faga unha avaliación preditiva do dito aspecto, que inclúa unha estimación dos datos referentes a outros parques e as súas infraestruturas asociadas, que descarten os posibles efectos sinérxicos sobre as poboacións da contorna.

Con respecto ao efecto Parpadeo de sombras (Shadow Flicker), xa mencionado con anterioridade, non se avalia a posible confluencia do dito efecto sobre os receptores identificados na contorna do proxecto.

2.4.- Avaliación da necesidade de medición da exposición

Unha vez aportados polo promotor os datos referidos no noso informe e tendo en conta a análise técnica do expediente a desenvolver polo órgano ambiental, así como a valoración da eficacia das medidas protectoras e correctoras para impedir a chegada dos posibles contaminantes ao medio





ambiente, levada a cabo polas administracións públicas afectadas, de non cumprirse os estándares establecidos, valorarase a necesidade de realizar unha avaliación específica da exposición da poboación a algúns posibles fontes contaminantes.

3. CONCLUSIÓNS

- O presente informe realizase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación desenvolvida ao longo do noso informe, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario que se aporten para a súa consideración polos organismos competentes:

- Caracterización da poboación, nos termos referidos no informe.
- Medidas de seguridade e protección no referente ás voladuras, incluíndo aquelas que minimizan a proxección de partículas e as emisións de ruído.
- Estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos na legislación, no referente ás poboacións do entorno e a distancia ás mesmas.
- Estimación dos valores de campo eléctrico e magnético xerados polas instalacións eléctricas do futuro parque (turbinas, liñas e centro de seccionamento), comparación cos valores límite establecidos na normativa de aplicación, en relación á distancia respecto ás zonas habitadas, nos termos referidos no informe.
- Avaliación de posibles afeccións sobre captacións para abastecemento, nos termos referidos no informe.





- Xestión de residuos durante a fase de explotación.
- Manexo e xestión de determinados produtos perigosos que se poden emplegar nas instalacións e no mantemento das mesmas, incluído o hexafluoruro de xofre (SF_6), nos termos referidos no informe.
- Medidas de protección de incendios durante a fase de explotación.
- Dispoñibilidade de plans de emerxencia durante a fase de obra e explotación, nos termos referidos no informe.
- Medidas de seguridade contra contactos directos ou indirectos en relación cos equipos e instalacións de alta e baixa tensión, e de control de acceso ás instalacións, incluíndo as turbinas eólicas.
- Medidas de limpeza e hixiene en relación ás actividades e instalacións ou de ser o caso dispoñibilidade de sistema integrado de control de vectores e pragas, no supostos de susceptibilidade ao dito risco.
- Avaliación dos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos con outros parques eólicos en trámite ou funcionamento na contorna, en relación ao efecto Shadow flicker e o ruido, nos termos referidos no informe.
- Outras consideracións
 - Sométese á consideración do órgano competente, a prolongación no tempo dos controis de seguimento de ruído máis aló do momento de inicio da explotación, coa periodicidade que se estime oportuna, co obxecto de verificar desaxustes no tempo que podan afectar aos niveis de emisión sonora e requiran de medidas correctoras.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O técnico encargado

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Angulo Cousillas

Manuel Álvarez Cortiñas

